

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E BAREMACIÓN DO CONCURSO DE MÉRITOS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS

No Salón de Plenos do Concello de Meis, sendo as 08:30 horas do día 30 de abril de 2024, reúnen os membros do tribunal cualificador do proceso de selección para a provisión, mediante concurso-oposición, dun posto de auxiliar administrativo, e para a formación dunha listaxe de reserva na mesma categoría, a contratar por circunstancias da produción dadas as circunstancias ocasionais e imprevisibles que xurdiron no departamento de Servizos Sociais, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2024-0095, de data 05 de marzo de 2024, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 56, do martes 19 de marzo de 2024.

Estando presentes:

- Presidenta: Dna. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegas Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis.
- Vogal: Dna. Ana Rosa Vázquez Pérez, Traballadora social do Concello de Meis.
- Vogal: D. José Manuel Blanco Sanmartín, funcionario administrativo C1 do Concello de Meis.
- Vogal: D. Ramón Fariña Barral, funcionario auxiliar administrativo C2 do Concello de Meis.

O Tribunal declárase debidamente constituído. De seguido toma razón da relación definitiva de aspirantes que superaron a fase de oposición no proceso selectivo:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
TRONCOSO PAZ ANA MARCELA	35****50Q	43,012
SOUTO SOUTO MARÍA JOSEFA	76****22A	42,012
GAMALLO GARCÍA MARTÍN	77****20Z	37,688
MARTÍNEZ PEREIRA LIDIA	77****12L	31,352

Finalizada a fase de oposición, as persoas que a superaron, presentaron no rexistro do Concello de Meis a documentación relativa á fase de méritos.

De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria da citada praza, á vista dos documentos presentados acreditativos dos méritos, o Tribunal procede a baremar os mesmos obténdose o seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	DNI	(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	TOTAL
-----------------	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-------





							PUNTOS CONCURSO
TRONCOSO PAZ ANA MARCELA	35****50Q	8,50	-	0,75	6,00	0,50	15,75
SOUTO SOUTO MARÍA JOSEFA	76****22A	-	-	2,00	1,80	-	3,80
GAMALLO GARCÍA MARTÍN	77****20Z	2,40	-	0,75	2,20	-	5,35
MARTÍNEZ PEREIRA LIDIA	77****12L	-	-	0,75	4,40	-	5,15

(1) EXPERIENCIA PROFESIONAL

(2) SUPERACIÓN DE PROBAS SELECTIVAS

(3) MÉRITOS ACADÉMICOS

(4) CURSOS

(5) CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA

As persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no Taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello da acta que contén a listaxe cos resultados provisionais, para facer as alegacións ou reclamacións que consideren oportunas.

As posibles reclamacións ou correccións que se presenten deberán ir dirixidas ao Sra. Presidenta do Tribunal Cualificador.

En caso de que non se efectúen alegacións no prazo anteriormente indicado, o listado coas puntuacións provisionais elevarase a definitivo.

Unha vez finalizado o proceso selectivo, o Tribunal publicará no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do concello a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuacións conseguidas, elevando a devandita relación a Presidencia da Corporación para a súa contratación como persoal laboral temporal.

Á cualificación obtida polas persoas aspirantes será a resultante de sumar as puntuacións outorgadas nas distintas fases, acadando así a puntuación total final.

Sendo as 09:25 horas dáse por rematada a sesión. E para que así conste, e aos efectos oportunos, expídese a presente acta, asinándoa electrónicamente todos os presentes en proba de conformidade.

